


CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 1 —

A ECONOMÍA GALEGA EN 2024



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO
DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN
NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LAGO PEÑAS

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO
GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ALBERTO VAQUERO GARCÍA

PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO
DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1.1. CONTORNA INTERNACIONAL E ESTATAL

1.1.1. CONTORNA INTERNACIONAL

CADRO 1.1. ECONOMÍA INTERNACIONAL: % DE VARIACIÓN DO PIB, IPC E TAXA DE PARO. 2015-2024

1.1.2. CONTORNA ESTATAL

CADRO 1.2. PORCENTAXES DE VARIACIÓN ANUAL DO PIB REAL (1). GALICIA E ESPAÑA. 2007-2024

CADRO 1.3. TAXA DE CRECIMENTO (1) DO PIB. POR CC.AA. 2023/2022

CADRO 1.4. PIB POR HABITANTE EN EUROS. POR CC.AA. 2023

CADRO 1.5. RELACIÓN DO PIB PER CÁPITA DAS CC.AA. RESPECTO DO ESTATAL. 2021-2023

CADRO 1.6.A. PIB POR HABITANTE (EN EUROS). GALICIA E ESPAÑA. 2008-2023 (1)

CADRO 1.6.B. PIB PER CÁPITA (EN €) CC.AA. SOBRE ESPAÑA. 2021-2023

CADRO 1.7. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE (1). GALICIA/ UE. 2014-2023

CADRO 1.8. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE (1). ESPAÑA/ UE. 2014-2023

CADRO 1.9. CONVERXENCIA COA UE (1). POR CC.AA. 2023. 2014-2023

1.2. CRECIMENTO ECONÓMICO GALEGO

1.2.1. A PERSPECTIVA DA DEMANDA

CADRO 1.10. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. 2015-2024

CADRO 1.11. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. POR TRIMESTRES. 2023-2024

1.2.2. A PERSPECTIVA DA OFERTA

CADRO 1.12. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. 2015-2024

CADRO 1.13. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. POR TRIMESTRES. 2023-2024

1.2.3. O PIB DAS PROVINCIAS GALEGAS

CADRO 1.14. PIB(*) A PREZOS DE MERCADO DAS PROVINCIAS GALEGAS. 2015-2022

1.2.4. AS CIFRAS DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE VACÚN DE ORIENTACIÓN LEITEIRA

CADRO 1.15. PRODUCCIÓN DE LEITE(*). POR CC.AA. 2023

CADRO 1.16. PREZO DO LEITE. FEBREIRO 2024. POR CC.AA.

CADRO 1.17. PREZOS DO LEITE DECLARADOS POLOS COMPRADORES. GALICIA 2024. POR MESES

CADRO 1.18. PREZO DO LEITE EN GALICIA DECLARADO POLOS COMPRADORES EN 2024 (EUROS/100 LITRO SEN IVE)

1.3. VARIACIÓNS DO PIB E DO EMPREGO: A PRODUTIVIDADE

1.3.1. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO

1.3.1.1. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS A PARTIR DOS DATOS DA EPA

CADRO 1.19. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO. POR COMUNIDADES AUTÓNO- MAS. 2024

1.3.1.2. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS COS DATOS DAS CONTAS ECONÓMICAS DE GALICIA

CADRO 1.20. EMPREGO(*) SEGUNDO ACTIVIDA- DE ECONÓMICA. GALICIA. 2015-2024

CADRO 1.21. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUAL DO EMPREGO(*) SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA. 2015-2024

CADRO 1.22. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUAL DO EMPREGO(*) SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA. 2015-2024

CADRO 1.23. EMPREGO ASALARIADO(*) SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2015-2024

1.3.2. PRODUTIVIDADE DO TRABALLO E COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

CADRO 1.24. PRODUTIVIDADE APARENTE NOMINAL DO TRABALLO(*). 2015-2024

1.4. BENESTAR ECONÓMICO-SOCIAL: TAXAS DE POBREZA; ALTA DESIGUALDADE

1.4.1. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES

CADRO 1.25. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES. POR COMUNIDADES AUTÓ- NOMAS. 2024

1.4.2. INGRESOS MEDIOS POR PERSOA E POR FOGAR

CADRO 1.26. CLASIFICACIÓN DAS CC.AA. DE MAIOR A MENOR INGRESO MEDIO ANUAL POR PERSOA. 2024

CADRO 1.27. EVOLUCIÓN DOS INGRESOS MEDIOS ANUAIS POR FOGAR E POR PERSOA. ESPAÑA. 2008-2024

1.4.3. A POBOACIÓN EN RISCO DE POBREZA

CADRO 1.28. CLASIFICACIÓN DE MENOR A MAIOR TAXA DE POBREZA. POR CC.AA. 2024

CADRO 1.29. EVOLUCIÓN DA TAXA DE POBREZA. GALICIA E ESPAÑA. 2008-2024

1.4.4. DISTRIBUCIÓN DA RENDA

CADRO 1.30. POBOACIÓN POR QUINTIL DE RENDA POR UNIDADE DE CONSUMO. POR COMUNIDADES AUTÓNO- MAS. 2024

1.5. PARTICIPACIÓN DOS SALARIOS NO VEB. CUSTOS LABORAIS E SALARIAIS

1.5.1. PESO DAS REMUNERACIÓNS SALARIAIS NO PIB DE GALICIA, ESPAÑA E A UE

CADRO 1.31. PORCENTAXE DA REMUNERACIÓN DAS PERSOAS ASALARIADAS NO PIB. GALICIA. ESPAÑA E EUROPA. 2000-2023

1.5.2. CUSTOS LABORAIS. XORNADA LABORAL

CADRO 1.32. CUSTOS LABORAIS. POR COMUNIDADES AUTÓNO- MAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2024

CADRO 1.33. CUSTOS SALARIAIS. POR COMU- NIDADES AUTÓNO- MAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2024

CADRO 1.34. XORNADA LABORAL. POR COMUNIDADES AUTÓNO- MAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2024

CADRO 1.35. VACANTES OU MOTIVOS POLOS QUE NON EXISTEN. POR COMUNIDADES AUTÓNO- MAS. CUARTO TRIMESTRE DE 2024

1.5.3. O SALARIO MÍNIMO INTERPROFE- SIONAL (SMI)

CADRO 1.36. SALARIO MÍNIMO INTERPRO- FESIONAL. ESPAÑA E OUTROS ESTADOS DA UE. 2024

CADRO 1.37. SALARIO MÍNIMO INTERPROFE- SIONAL. ESPAÑA. 2008-2025

1.6. A VARIACIÓN DO IPC

CADRO 1.38.A. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC. GALICIA-ESPAÑA. 2006-2024

CADRO 1.38.B. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC. 2024

CADRO 1.39.A. INFLACIÓN SUBXACENTE(*). GALICIA-ESPAÑA. 2009-2024

CADRO 1.39.B. INFLACIÓN SUBXACENTE. 2024

CADRO 1.40.A. IPC POR GRUPOS DE GASTO. GALICIA. 2009-2024

CADRO 1.40.B. IPC POR GRUPOS DE GASTO. POR COMUNIDADES AUTÓNO- MAS. 2024

1.7. COMERCIO EXTERIOR

1.7.1. COMERCIO INTERNACIONAL GALEGO

CADRO 1.41. COMERCIO EXTERIOR DE GALICIA (E DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL). INDICADORES BÁSICOS. 2024

CADRO 1.42. COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA. POR COMUNIDADES AUTÓNO- MAS. INDICADORES BÁSICOS. 2024

1.7.2. COMERCIO GALEGO CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNO- MAS

CADRO 1.43. EXPORTACIÓNS E IMPORTA- CIÓNS DE BENS E SERVIZOS EN GALICIA. 2015-2024

Capítulo 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2024

1.1. Contorna internacional e estatal

1.1.1. Contorna internacional

O obxectivo deste capítulo é analizar a situación da economía galega no ano 2024, dende unha dobre perspectiva: estatal e internacional.

No cadro 1.1 figuran os índices de variación do PIB, as taxas de desemprego e os prezos en China, EE UU, os países da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a Unión Europea (UE) e Unión Económica e Monetaria (UEM) no período 2015-2024. No caso da UE, achéganse os datos dos catro Estados cun maior PIB: Alemaña, Francia, Italia e España.

Despois do forte retroceso do PIB no ano 2020 tanto na OCDE (-4,0 %) coma na UE (-5,6 %), en 2021 o comportamento foi compensatorio, cun crecemento do 6,2% e o 6,3%, respectivamente. En 2022, o crecemento foi xa algo menor (3,2 % para a OCDE e 3,5% para a UE). En 2023, a taxa de crecemento foi normalizándose ata rexistrar un 1,8% nos países da OCDE e 0,4% na UE-27. En 2024, a taxa de crecemento do PIB foi do 1,7% para a OCDE e do 1% para a UE-27.

En España rexistrouse un aumento do PIB en 2024 do 3,2%, por riba do incremento experimentado en Reino Unido (1,1%), Italia (0,7%), Francia (1,2 %) e mesmo EE UU (2,8%). Só China (5,0%) acadou un incremento maior que España. En Alemaña rexistrouse un lixeiro descenso (-0,2%).

As taxas de desemprego pasaron do 6,2% en 2021 na OCDE ao 5,0% en 2022, 4,8% en 2023 e 4,9% en 2024. Na UE foi do 7,1% en 2021, do 6,2% en 2022, 6% en 2023 e 5,9% en 2024. En España o descenso foi do 14,9 % en 2021, ao 13% en 2022, o 12,2% en 2023 e o 11,4% en 2024.

No que atinxe á variación porcentual de índice de prezos ao consumo (IPC), cabe salientar:

- A elevada cifra do IPC en 2022 e 2023 (9,5% e 6,9%, respectivamente) e o descenso en 2024 (5,3%) para o conxunto da OCDE. Un resultado parecido observase na UE27 (9,2% e 6,4% en 2022 e 2023) xunto cunha importante redución en 2024 (2,6%). Estes datos contrastan cos obtidos en 2021 (4,0% e 2,9%, respectivamente).
- O elevado incremento do IPC en España en 2022 (8,4%) difiren substancialmente co rexistrado para 2021 (3,1%). En 2023 o IPC recolle un mellor comportamento (3,5%) que en 2022, o que mostra una estabilización deste indicador, resultado que confirmase co dato para 2024 (2,8%).

Cadro 1.1

Economía internacional: % de variación do PIB, IPC e taxa de paro. 2015-2024

Período PIB ⁽¹⁾	OCDE	Unión Europea					Reino Unido	EEUU	China ⁽³⁾
		UE27	España	Alemaña	Francia	Italia			
2015	2,6	2,3	1,1	1,7	0,9	4,1	2,2	2,9	7,0
2016	1,9	1,9	0,9	2,3	1,2	2,9	1,9	1,8	6,8
2017	2,7	2,8	2,1	2,7	1,6	2,9	2,7	2,5	6,9
2018	2,4	2,1	1,6	1,1	0,8	2,4	1,4	3,0	6,7
2019	1,8	1,9	2,0	1,0	0,4	2,0	1,6	2,6	6,1
2020	-4,0	-5,6	-7,4	-4,1	-8,9	-10,9	-10,3	-2,2	2,1
2021	6,2	6,3	6,9	3,7	8,9	6,7	8,6	6,1	8,4
2022	3,2	3,5	2,6	1,4	4,8	6,2	4,8	2,5	3,0
2023	1,8	0,4	0,9	-0,3	0,7	2,7	0,4	2,9	5,2
2024	1,7	1,0	1,2	-0,2	0,7	3,2	1,1	2,8	5,0
Taxa de emprego									
2015	6,9	10,2	10,4	4,4	12,0	22,1	5,4	5,3	3,4
2016	6,5	9,3	10,1	3,9	11,8	19,7	4,9	4,9	3,1
2017	5,9	8,3	9,4	3,6	11,3	17,2	4,4	4,4	3,9
2018	5,5	7,4	9,0	3,2	10,6	15,3	4,1	3,9	4,9
2019	5,4	6,8	8,4	3,0	9,9	14,1	3,8	3,7	5,2
2020	7,2	7,2	8,0	3,6	9,3	15,5	4,6	8,1	5,6
2021	6,2	7,1	7,9	3,6	9,6	14,9	4,6	5,4	5,1
2022	5,0	6,2	7,3	3,1	8,1	13,0	3,8	3,7	5,2
2023	4,8	6,0	7,4	3,0	7,7	12,2	4,1	3,6	5,2
2024	4,9	5,9	7,4	3,4	6,5	11,4	4,3	4,0	5,4
IPC ⁽²⁾									
2015	0,7	0,1	0,0	0,5	0,0	-0,5	0,4	0,1	1,4
2016	1,2	0,2	0,2	0,5	-0,1	-0,2	1,0	1,3	2,0
2017	2,3	1,6	1,0	1,5	1,2	2,0	2,6	2,1	1,6
2018	2,6	1,8	1,9	1,7	1,1	1,7	2,3	2,4	2,1
2019	2,1	1,4	1,1	1,5	0,6	0,7	1,7	1,8	2,9
2020	1,4	0,7	0,5	0,1	-0,1	-0,3	1,0	1,2	2,5
2021	4,0	2,9	1,6	3,1	1,9	3,1	2,5	4,7	0,9
2022	9,5	9,2	5,2	6,9	8,2	8,4	7,9	8,0	2,0
2023	6,8	6,4	4,9	6,0	5,6	3,5	6,8	4,1	0,2
2024	5,3	2,6	2,0	2,3	1,0	2,8	3,3	3,0	0,2

Fonte: OCDE e Banco Mundial.

1.1.2. Contorna estatal

Os datos para 2024 da Contabilidade nacional para España do Instituto Nacional de Estatística (INE), e as estimacións que fai o Instituto Galego de Estatística (IGE) e que figuran no cadro 1.2, amosan que Galicia (2,8%) rexistrou un aumento menor do PIB ao experimentado a nivel nacional (3,2%). En 2024, o diferencial a favor da media nacional redúcese en 0,4 puntos porcentuais respecto a Galicia, igual que en 2023.

Cadro 1.2

Porcentaxes de variación anual do PIB real⁽¹⁾. Galicia e España. 2007-2024

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021 (P)	2022 (A)	2023 (A)	2024 (A)
Galicia	-3,7	0,5	-1,6	-2,5	-1,1	0,8	4,8	2,6	2,5	2,1	1,4	-8,9	6,0	5,0	2,3	2,8
España	-3,8	0,2	-0,6	-2,9	-1,4	1,5	4,1	2,9	2,9	2,4	2,0	-10,9	6,7	6,2	2,7	3,2

A: Estimación Avance; P: Estimación Provisional.
Fonte: INE e IGE

O cadro 1.3 recolle as taxas de crecemento do PIB por CC.AA. para os tres últimos anos dispoñibles a partires da Contabilidade rexional de España. Entre 2023 e 2022 Galicia acada un incremento (2,3%) algo menor ao experimentado a nivel nacional (2,7%). As CC.AA. que rexistran un aumento maior foron Baleares (5,7%) e Canarias (5,1%). As cidades autónomas de Ceuta e Melilla recollen un menor aumento (1,7% e 1,8%, respectivamente), xunto coas CC.AA de Murcia (2,0%) e Navarra (2,1%).

Cadro 1.3

Taxa de crecemento⁽¹⁾ do PIB.
Por CC.AA. 2021/2020 - 2022/2021 - 2023/2022

	2021 /2020	2022 (P) /2021	2023 (A) /2022 (P)
Andalucía	6,50%	4,90%	2,40%
Aragón	5,50%	3,30%	2,60%
Asturias	5,40%	4,40%	2,80%
Baleares	11,50%	16,10%	5,70%
Canarias	8,60%	12,10%	5,10%
Cantabria	7,10%	4,70%	2,60%
Castela e León	5,00%	3,50%	3,00%
Castela-A Mancha	5,70%	2,60%	3,30%
Cataluña	7,20%	6,50%	2,50%
C. Valenciana	7,60%	5,50%	2,30%
Extremadura	4,40%	1,20%	2,70%
Galicia	6,00%	5,00%	2,30%
Madrid	6,40%	8,10%	2,50%
Murcia	7,20%	4,00%	2,00%
Navarra	6,90%	5,20%	2,10%
País Vasco	6,40%	6,50%	2,40%
A Ríoxa	5,00%	5,10%	4,20%
Ceuta	3,60%	3,10%	1,70%
Melilla	3,30%	3,00%	1,80%
España	6,70%	6,20%	2,70%

(A) - Avance
(P) - Provisional
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

O cadro 1.4 recolle os datos do PIB por habitante en todas as CC.AA:

- O PIB per cápita en 2023 foi en Galicia de 28.644 euros (2.161 euros máis que en 2022), por baixo da media estatal (30.968 euros), que recolle un aumento de 2.220 euros respecto a 2022. Oito CC.AA. superaron a Galicia neste indicador económico e outras oito por baixo.
- Madrid (42.198 euros), País Vasco (39.547 euros), Navarra (37.088 euros) e Cataluña (35.325 euros) foron de novo as comunidades con maior PIB por habitante.
- Andalucía (23.218 euros), Extremadura (23.218) e Canarias (24.345) foron as CC.AA. cun PIB por habitante máis baixo. Nesta lista tamén hai que incluír as cidades autónoma de Melilla, con 20.479 euros e Ceuta, con 22.751.

Cadro 1.4

PIB por habitante en euros. Ano 2023.

	Valor	Variación anual
España	30.968	7,7
Andalucía	23.218	8,0
Aragón	34.658	6,4
Asturias	28.130	6,7
Baleares	34.381	10,9
Canarias	24.345	10,2
Cantabria	28.461	7,4
Castela e León	29.698	8,5
Castela-A Mancha	25.758	7,3
Cataluña	35.325	6,9
C. Valenciana	26.453	6,9
Extremadura	23.604	7,6
Galicia	28.644	8,2
Madrid	42.198	7,6
Murcia	25.887	6,4
Navarra	37.088	6,7
País Vasco	39.547	8,6
A Ríoxa	32.828	8,5
Ceuta	22.751	6,8
Melilla	20.479	5,0

Fonte: INE. Contabilidade rexional de España.

A posición relativa en PIB per cápita de cada comunidade e cidade autónoma, recollida no cadro 1.5, reflicte que no ano 2023:

- Galicia atópase aínda un 7,5% por baixo da media estatal, catro décimas menos en 2022 (7,9% por baixo).
- No nivel superior, Madrid superou nun 36,3% á media española e o País Vasco, nun 27,7%.
- As CC.AA. máis afastadas da media estatal son Andalucía (-25,0%), Extremadura (-23,8%) e Canarias (-21,4%). A esta clasificación hai que engadir as cidades autónomas de Melilla (-33,9%) e Ceuta (-26,5%).

Cadro 1.5

**Relación do PIB per cápita das CC.AA.
respecto do estatal. 2021-2023**

	2021	2022 (P)	2023 (A)
Madrid	36,80%	36,40%	36,30%
País Vasco	26,10%	26,70%	27,70%
Navarra	20,70%	20,90%	19,80%
Cataluña	16,30%	14,90%	14,10%
Aragón	11,70%	13,30%	11,90%
A Ríoxa	4,90%	5,30%	6,00%
Baleares	-1,10%	7,80%	11,00%
Castela e León	-4,10%	-4,80%	-4,10%
Cantabria	-6,90%	-7,80%	-8,10%
Galicia	-8,30%	-7,90%	-7,50%
Asturias	-10,10%	-8,30%	-9,20%
C. Valenciana	-12,10%	-14,00%	-14,60%
Murcia	-15,40%	-15,40%	-16,40%
Castela-A Mancha	-17,50%	-16,50%	-16,80%
Extremadura	-22,00%	-23,70%	-23,80%
Ceuta	-24,70%	-25,90%	-26,50%
Andalucía	-24,90%	-25,20%	-25,00%
Canarias	-27,10%	-23,10%	-21,40%
Melilla	-31,40%	-32,20%	-33,90%

(A) - Avance

(P) - Provisional

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A perspectiva estática do cadro 1.5 complétase coa do cadro 1.6a, que recolle a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e España no período 2008-2023; e coa do cadro 1.6b que recolle para 2023 a situación relativa de todas as CC.AA. Compróbase que o PIB per cápita de Galicia no 2023 foi de 28.644 euros (un aumento de 2.161 euros respecto a 2022). En termos relativos, mellorou lixeiramente a converxencia do PIB de Galicia coa media estatal no último ano (92,5%) respecto a 2022 (92,1%).

Cadro 1.6a

PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2023⁽¹⁾

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023 (A)
Galicia	20.488	20.139	19.541	19.636	19.876	20.934	21.594	22.433	23.212	23.901	21.864	23.927	26.483	28.644
% Galicia/España	88,6%	88,1%	88,2%	89,2%	88,8%	89,3%	89,3%	89,2%	89,4%	89,8%	91,7%	91,7%	92,1%	92,5%

(A) - Avance
(P) - Provisional
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

Cadro 1.6b

PIB per cápita en euros. CCAA sobre España. 2021-2023

	2021	2022 (P)	2023 (A)
Madrid	136,8%	136,4%	136,3%
País Vasco	126,1%	126,7%	127,7%
Navarra	120,7%	120,9%	119,8%
Cataluña	116,3%	114,9%	114,1%
Aragón	111,7%	113,3%	111,9%
Baleares	98,9%	107,8%	111,0%
A Ríoxa	104,9%	105,3%	106,0%
España	100,0%	100,0%	100,0%
Castela e León	95,9%	95,2%	95,9%
Galicia	91,7%	92,1%	92,5%
Cantabria	93,1%	92,2%	91,9%
Asturias	89,9%	91,7%	90,8%
C. Valenciana	87,9%	86,0%	85,4%
Murcia	84,6%	84,6%	83,6%
Castela-A Mancha	82,5%	83,5%	83,2%
Canarias	72,9%	76,9%	78,6%
Extremadura	78,0%	76,3%	76,2%
Andalucía	75,1%	74,8%	75,0%
Ceuta	75,3%	74,1%	73,5%
Melilla	68,6%	67,8%	66,1%

(A) - Avance
(P) - Provisional
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparanza coa media da UE é un indicador do proceso de converxencia. Ao fío da información fornecida no cadro 1.7, Galicia avanzou entre 2014 e 2023 ao pasar do 81% ao 84%. Porén, o proceso de converxencia freou como consecuencia da pandemia, a porcentaxe caeu ata o 76,0%, pero logo recuperouse, incrementado tres puntos porcentuais entre 2022 e 2023.

Cadro 1.7

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾. Galicia/ UE. 2014-2023

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022 P	2023 P
% PIB Galicia/UE	81	82	82	83	82	81	76	78	81	84

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100.

Fonte: Eurostat.

O cadro 1.8 reflicte que entre 2014 e 2023 o ratio se mantén no 91 %, rexistrando o menor valor en 2020 cunha relación do 83%. Dende 2021 recollese unha mellora ata o último ano dispoñible.

Cadro 1.8

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾.
España/ UE 2014-2023

	% PIB Galicia/UE
2014	91
2015	92
2016	92
2017	93
2018	92
2019	91
2020	83
2021	85
2022 P	88
2023 P	91

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100.

Fonte: Eurostat.

Todas as CC.AA. experimentaron un retroceso na súa converxencia coa UE entre 2014 e 2023. O cadro 1.9 recolle a variación en 2023 do PIB por persoa por CC.AA.:

- Galicia ocupa o noveno posto (84%), un resultado lixeiramente superior ao obtido en 2022 (81%).
- A comunidade galega experimentou unha variación positiva do 3 puntos porcentuais no seu PIB en comparación co da UE durante o período 2014-2023. Este aumento é similar a da media española, que se situou no 91% do PIB da UE.
- Só cinco CC.AA. superaron en 2023 a media da UE-27 en renda por habitante: Madrid (123%), País Vasco (116%), Navarra (103%), Cataluña (103%) e Aragón (101%).
- As tres CC.AA. con maior distancia en 2023 respecto da media da UE-27 en PIB por habitante foron: Andalucía (68%), Extremadura (69%) e Canarias (71%).

Cadro 1.9

Converxencia coa UE (1) por CCAA 2023. 2014-2023

	% Variación 2014-2023	2021	2022 P	2023 P
Madrid	-2	117	120	123
País Vasco	-1	107	111	116
Navarra	-4	103	106	108
Cataluña	-5	99	101	103
Aragón	1	95	100	101
Baleares	1	84	95	100
A Ríoxa	-4	89	93	96
Castela e León	3	82	84	87
Galicia	3	78	81	84
Cantabria	-1	79	81	83
Asturias	3	77	81	82
C. Valenciana	-3	75	76	77
Murcia	1	72	74	76
Castela-A Mancha	4	70	73	75
Canarias	-3	62	68	71
Extremadura	4	67	67	69
Andalucía	1	64	66	68
Ceuta	-3	64	65	66
Melilla	-5	58	60	60

(P) - Provisional

(1) En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo.

Fonte: Eurostat.

1.2. Crecemento económico galego

Este epígrafe afonda no estudo do PIB de Galicia entre 2015-2024. En concreto, faise a análise dende as perspectivas da demanda e mais da oferta, desagregando as compoñentes internas.

1.2.1. A perspectiva da demanda

A perspectiva da demanda (cadro 1.10) revisa a información publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nas Contas económicas trimestrais. Despois da mellora dos resultados en 2021 e 2022 e 2023, en 2024 obsérvase tamén un comportamento positivo en todas a compoñentes da demanda, especialmente en gastos da AA.PP (6,6%) e gasto dos fogares e ISFLSF (3,9%). A formación bruta de capital experimentou un incremento do 3,4%, mentres que as exportacións de bens e servizos creceron un 3,6% e as importacións un 1,1%.

Cadro 1.10

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2015-2024

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda interna (en termos nacionais) (*)	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
	Gasto dos fogares e ISFLSF	Gastos das AA.PP.				
2015	1,2	3,1	1,6	1,8	2,9	0,2
2016	2,1	1,2	0,6	1,7	2	-1,7
2017	5,1	3,6	9,2	5,4	7	10,9
2018	2,5	2,7	8,1	3,6	6,9	4,1
2019	-1,4	3,9	2,5	0,3	3,2	-1
2020	-11,4	5,1	-9	-7,4	-3,6	-3
2021	10,2	4,1	14,5	9,4	9,4	5,7
2022	12,2	4,9	11,6	10,2	15,3	15,6
2023	7,1	6,4	2,9	6,1	3,6	0,3
2024	3,9	6,6	3,4	4,2	3,6	1,1

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.11 permite unha análise máis polo miúdo das compoñentes da demanda. Para o derradeiro trimestre de 2024, o gasto en consumo final, tanto dos fogares coma institucións sen fins de lucro (3,4% e 7,5%, respectivamente), coma a formación bruta de capital (6,0%) e exportacións (2,4%) recollen un resultado positivo. Poren, as importacións de bens e servizos rexistra un lixeiro descenso (-0,3%). A demanda interna recolle un incremento do 4,7% durante este último trimestre de 2024.

A análise trimestral para o ano 2024 amosa que a demanda interna mantivo un significativo crecemento. As exportacións, aínda que con certa volatilidade, mostran certo aumento. O incremento sostido no gasto das administracións públicas reflicte o papel activo do sector público na economía galega durante 2024, mentres que o gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF experimenta un crecemento algo menor.

Cadro 1.11

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2023-2024

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
Primeiro trimestre 2023	7,9	6,0	9,0	7,8	12,8	8,1
Segundo trimestre 2023	7,5	7,6	-2,3	5,6	3,0	-0,1
Terceiro trimestre 2023	6,8	8,2	1,6	5,9	-2,3	-5,8
Cuarto trimestre 2023	6,1	4,3	3,7	5,2	2,5	-0,2
Primeiro trimestre 2024	5,2	6,9	0,9	4,7	2,2	1,0
Segundo trimestre 2024	3,8	5,3	2,8	3,8	6,2	3,6
Terceiro trimestre 2024	3,2	6,6	3,8	3,8	3,6	0,3
Cuarto trimestre 2024	3,4	7,5	6,0	4,7	2,4	-0,3

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.2. A perspectiva da oferta

O cadro 1.12 amosa a evolución dende a perspectiva da oferta para o período 2013-2024. En 2024, a construción (6,4%) e os servizos (6,7%) son os sectores que recollen maiores incrementos. Pola contra, a industria (1,1%) e especialmente, a agricultura, gandería, silvicultura e pesca (0,1%) recollen un aumento menor.

Cadro 1.12

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2015-2024

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2015	6,4	-0,5	3,9	3,8
2016	-0,2	2,9	6,4	4,2
2017	-1	3,7	6,6	3,1
2018	-0,3	11,7	3,7	3,8
2019	4,5	-7	6,9	4,8
2020	-12,6	-15,1	-10,5	-4,3
2021	8	25,8	-1,1	9,3
2022	6,1	17,2	8,3	10,4
2023	2,7	4,4	9,8	9,2
2024	0,1	1,1	6,4	6,7

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Esta información pode completarse coa análise temporal das compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2024. O mellor comportamento prodúcese no cuarto trimestre, con porcentaxes positivas en todos os sectores, especialmente en servizos (6,5%), agricultura, gandería, silvicultura e pesca (6,4%) e construción (6,0%). Na industria o aumento é menor (2,9%).

No conxunto do ano o sector da construción e servizos permiten sinalar un comportamento máis estable, con incrementos elevados nos catro trimestres. Non sucede o mesmo na agricultura, gandería, silvicultura e pesca e industria presenta incrementos e diminucións durante os diferentes trimestres, polo tanto, amosa un comportamento errático.

Cadro 1.13
PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. Por trimestres. 2023 - 2024

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Primeiro trimestre 2023	7,1	15,0	14,7	10,6
Segundo trimestre 2023	4,6	2,9	11,1	9,0
Terceiro trimestre 2023	3,9	-1,3	7,7	10,3
Cuarto trimestre 2023	-5,0	1,8	6,5	7,0
Primeiro trimestre 2024	1,0	-2,3	6,3	7,6
Segundo trimestre 2024	-2,2	0,1	7,6	6,4
Terceiro trimestre 2024	-3,3	3,9	5,5	6,4
Cuarto trimestre 2024	6,4	2,9	6,0	6,5

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.3. O PIB das provincias galegas

Os últimos datos publicados polo INE por provincias son os correspondentes a 2022. No cadro 1.14 preséntase a evolución do seu crecemento económico para o período 2015-2022.

Do PIB de Galicia no ano 2022 (71,4 miles de millóns de euros) as provincias atlánticas achegan un 76,7% do total. En concreto, a provincia da Coruña xerou un 43,4% e a de Pontevedra un 34,4% do PIB da comunidade galega. As provincias de Lugo (12,1%) e Ourense (11,1%) teñen un peso económico notablemente inferior, sumando entre as dúas menos xa da cuarta parte (23,2%) do PIB de Galicia.

Cadro 1.14

PIB^(*) a prezos de mercado das provincias galegas. 2015-2022

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2015	57.010.602	24.557.831	7.495.869	6.092.205	18.864.697
2016	58.564.023	25.451.524	7.472.883	6.317.422	19.322.194
2017	60.630.852	26.097.818	7.458.900	6.517.804	20.556.330
2018	62.649.363	27.211.854	7.768.980	6.785.155	20.883.374
2019	64.502.005	27.819.424	7.822.876	7.138.919	21.720.786
2020	59.007.178	25.501.350	6.945.138	6.420.384	20.140.306
2021	64.387.386	27.529.654	7.637.441	7.262.638	21.957.653
2022 (P)	71.365.906	30.969.518	8.636.366	7.946.086	23.813.936

(*) A prezos correntes.

(A): Avance

(P): datos provisionais.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

1.2.4. As cifras de explotacións gandeiras de vacún de orientación leiteira

Unha das actividades máis salientables no sector agro-gandeiro en Galicia é a produción de leite. De aí a necesidade de tratar esta produción de xeito diferenciado. No cadro 1.15 recóllese a distribución por CC.AA. da produción de leite de vaca para 2023 (ultimo ano dispoñible), a partir do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

A produción de leite en Galicia no ano 2023 foi de 3.125 millóns de litros, o que representa o 41,3% do total producido en España (7.564 millóns de litros). Esta cifra destaca unha vez máis á comunidade galega como a principal rexión produtora de leite no país, superando amplamente a outras comunidades autónomas como Castela e León (932 millóns de litros) e Cataluña (754 millóns de litros).

Cadro 1.15**Producción de leite*. Por CC.AA. 2023**

Extremadura	18,93
A Ríoxa	25,33
Andalucía	558,56
Aragón	172,40
Asturias	541,57
Baleares	60,20
C. Valenciana	77,27
Canarias	52,07
Cantabria	415,94
Castela e León	923,06
Castela-A Mancha	291,35
Cataluña	754,15
Galicia	3.125,57
Madrid	54,69
Murcia	63,75
Navarra	261,19
País Vasco	168,47
España	7.564,50

*En miles de toneladas métricas.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Estadística láctea anual.

As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións leiteiras de Galicia teñen sempre unha importante repercusión na renda total e mais no emprego do subsector agro-gandeiro. O cadro 1.16 presenta o prezo do litro do leite nas distintas CC.AA. en febreiro de 2024.

Malia o seu liderado no número de explotacións leiteiras (5.192), o prezo do leite en Galicia é o segundo máis baixo de todas as comunidades autónomas, situándose en 0,472 euros por litro. Este prezo é considerablemente inferior ao de comunidades como Canarias (0,633 euros por litro) e País Vasco (0,536 euros por litro), que presentan prezos un 34,1% e un 13,5% superiores aos de Galicia.

Cadro 1.16
Prezo do leite en febreiro 2024. Por CC.AA.

	N ⁽¹⁾	Prezo ⁽²⁾
Andalucía	375	0,513
Aragón	34	0,504
Asturias	1.157	0,523
Baleares	90	0,446
Canarias	53	0,633
Cantabria	775	0,504
Castela e León	629	0,504
Castela-A Mancha	138	0,502
Cataluña	332	0,522
C. Valenciana	16	0,512
Extremadura	31	0,499
Galicia	5.192	0,472
A Rioxa	6	0,507
Madrid	27	0,497
Murcia	20	0,501
Navarra	116	0,495
País Vasco	215	0,536

(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo.
(2) Prezo medio ponderado. en euros por litro.
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Declaracións de entrega de leite cru.

Se, no canto dunha análise estática, analízase a evolución para 2024 do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que Galicia rexistrou unha diminución intensa marzo como reflicte a columna “total estratos” do cadro 1.17.

Os menores prezos percibíronos as persoas propietarias das explotacións gandeiras de menor tamaño; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2024 un prezo (47,8 céntimos/litro) que superou en 6 céntimos/litro á media (47,2 céntimos/litro), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo (41,4 céntimos/litro) quedou 5,8 céntimos por baixo desa media.

Cadro 1.17

Prezos do leite declarados polos compradores. Galicia 2024. Por meses.

	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6	Total estratos
Xaneiro	44,0	46,9	48,0	48,5	49,1	50,2	49,5
Febreiro	43,2	46,3	47,3	48,0	48,6	49,7	49,0
Marzo	43,5	46,4	47,8	48,2	48,6	49,7	49,1
Abril	40,6	43,4	44,0	45,2	45,7	47,1	46,3
Maio	40,5	43,3	43,9	45,0	45,6	46,6	45,9
Xuño	40,0	42,9	43,6	44,6	45,2	46,3	45,6
Xullo	39,6	42,3	43,4	44,0	44,7	45,9	45,2
Agosto	39,3	42,0	43,0	43,7	44,4	45,5	44,8
Setembro	40,5	43,1	44,1	44,8	45,3	46,4	45,8
Outubro	40,7	43,6	44,6	45,3	45,9	46,9	46,3
Novembro	40,7	43,7	44,5	45,6	46,2	47,3	46,6
Decembro	41,4	44,1	45,1	46,0	46,8	47,8	47,2

€/100 litros. sen IVE.

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano.

Estrato 2: entre 100.001 e 200.000 kg.

Estrato 3: entre 200.001 e 300.000 kg.

Estrato 4: entre 300.001 e 400.000 kg.

Estrato 5: entre 400.001 e 700.000 kg.

Estrato 6: maior de 700.001 kg de leite/ano.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

Ao fío do cadro 1.18 pódese salientar que o prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en decembro de 2024 foi de 47,2 céntimos (2,31 céntimos/litro menos que en 2023).

Cadro 1.18

Prezo do leite en Galicia declarado polos compradores en 2024 (euros/100 litros. sen iva)

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 <100.000	43,96	43,24	43,49	40,64	40,5	39,99	39,64	39,28	40,45	40,69	40,66	41,4
Estrato 2 100.001 - 200.000	46,85	46,3	46,42	43,38	43,25	42,92	42,33	42,01	43,11	43,61	43,73	44,1
Estrato 3 200.001 - 300.000	48,02	47,32	47,76	43,99	43,85	43,57	43,4	43	44,09	44,59	44,52	45,1
Estrato 4 300.001 - 400.000	48,49	48,03	48,15	45,22	44,97	44,63	43,97	43,66	44,84	45,31	45,61	46
Estrato 5 400.001 - 700.000	49,09	48,55	48,62	45,7	45,58	45,19	44,73	44,37	45,34	45,91	46,2	46,8
Estrato 6 >700.001	50,19	49,65	49,71	47,1	46,59	46,29	45,9	45,48	46,43	46,93	47,27	47,8
Prezo medio ponderado	49,51	49	49,05	46,29	45,9	45,59	45,18	44,79	45,81	46,31	46,61	47,2

NOTA 1 Os datos do último mes correspóndense á situación das declaracións realizadas polos compradores na aplicación LacDec á data 5 de febreiro de 2019.

NOTA 2: Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados á cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor, se estima a súa produción anual en base á seguinte estacionalidade mensual: Estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 11 anos): xan: 8,3%; feb: 7,7%; mar: 8,7%; abr: 8,5%; mai: 8,9%; xun: 8,5%; xul: 8,6%; ago: 8,4%; set: 7,9%.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade

O obxectivo deste apartado é realizar unha análise do estado actual e mais da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega, en termos comparados coa media estatal.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

A análise pivota sobre dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) do INE, e as Contas económicas de Galicia do IGE.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

O cadro 1.19 representa a evolución de sete variables laborais (poboación activa, ocupada, asalariada, desempregada e as taxas de actividade, ocupación e paro), co obxecto de avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia en 2024.

- A taxa de actividade en Galicia en 2024 (53,2%) foi lixeiramente superior a de 2023 (53,2%), a taxa de ocupación (48,2%) 0,4 puntos superior á de 2022 (47,8%), e a taxa de paro (9,4%) 0,7 puntos por baixo da de 2023 (9,7%).
- A taxa de actividade de Galicia en 2024 foi 5,5 puntos porcentuais inferior a media nacional (58,8%); a de ocupación foi 3,9 puntos porcentuais menor que a media nacional (52,1%); e a de paro foi 2,0 puntos porcentuais inferior a media nacional (11,3%).
- Galicia ten unha posición mellor na taxa de paro en comparación coas taxas de actividade e ocupación, situándose na 8ª posición para a taxa de paro, pero ocupa posicións máis baixas na taxa de actividade (18ª) e ocupación (14ª).

Cadro 1.19

Balance do mercado de traballo. Por comunidades autónomas. 2024

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
España	24.424,6	21.653,9	18.439,8	2.770,7	58,8	52,1	11,3
Andalucía	4.144,4	3.462,1	2.898,3	682,3	56,8	47,5	16,5
Aragón	675,1	620,2	533,2	55,0	58,8	54,0	8,1
Asturias	460,1	413,6	340,5	46,5	51,4	46,2	10,1
Baleares	669,8	607,3	504,2	62,6	64,0	58,0	9,3
Canarias	1.166,1	1.005,6	867,5	160,5	59,6	51,4	13,8
Cantabria	285,9	263,5	224,0	22,4	55,9	51,5	7,8
Castela e León	1.131,5	1.025,0	850,3	106,4	54,3	49,2	9,4
Castela-A Mancha	1.037,5	899,2	756,7	138,4	58,2	50,4	13,3
Cataluña	4.200,7	3.827,1	3.306,6	373,6	61,6	56,1	8,9
C. Valenciana	2.684,0	2.345,2	1.966,2	338,8	58,9	51,5	12,6
Estremadura	494,9	418,1	346,2	76,7	54,7	46,3	15,5
Galicia	1.262,3	1.144,0	934,8	118,3	53,2	48,2	9,4
Madrid	3.778,7	3.439,5	3.032,7	339,1	63,2	57,5	9,0
Murcia	779,2	680,1	589,4	99,2	59,7	52,1	12,7
Navarra	338,4	312,5	264,2	25,8	59,3	54,7	7,6
País Vasco	1.074,9	987,7	853,4	87,1	56,1	51,5	8,1
A Ríoxa	162,0	146,2	121,9	15,8	58,5	52,8	9,7
Ceuta	40,0	29,0	25,6	11,0	60,5	43,9	27,5
Melilla	39,0	28,0	24,1	11,1	58,9	42,2	28,3

Datos en medias anuais.
Fonte: INE, Enquisa de poboación activa.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das Contas económicas de Galicia

A segunda aproximación da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farase a partir da estatística das Contas económicas trimestrais sobre postos de traballo equivalentes a tempo completo; o que permite aproximar mellor á variación do emprego neto de Galicia. No cadro 1.20 recóllense os datos durante o período 2013-2024, por sectores e ramas:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia aumentou en 2024 respecto a 2023 en 12.651 persoas (en 2023 incrementárase en 19.989).
- O aumento dos postos de traballo en 2024 rexistrouse especialmente no sector servizos (11.135) e, en menor medida, na construción (385), en servizos non de mercado (1.057) e na industria (1.366). En agricultura, ganderaría, silvicultura e pesca comprobouse un pequeno descenso (236).

- En termos relativos, o emprego en Galicia medrou menos en 2024 en comparación con 2023, cunha suba total da poboación ocupada do 1,2% inferior ao 2% do último ano. A industria e a construción tiveron incrementos de 0,90% e 0,46%, respectivamente. O sector servizos experimentou un crecemento do 1,48 %, especialmente en actividades profesionais (3,57%) e actividades inmobiliarias (6,14%). Pola contra, houbo unha importante diminución no emprego en actividades financeiras e de seguros (-5,31%) e actividades artísticas, recreativas e outros servizos (-1,84%).

Cadro 1.20

Emprego* segundo actividade económica. Galicia. 2015-2024

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	948.587	968.093	991.971	1.004.431	1.031.838	946.053	1.008.403	1.037.090	1.057.375	1.070.026
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	65.129	68.750	74.882	73.818	70.369	66.477	69.878	68.319	68.762	68.526
Industria	133.951	138.215	141.294	146.062	147.641	137.712	144.174	148.321	151.281	152.647
Construción	73.280	70.944	70.440	73.735	78.592	69.673	77.896	81.327	83.463	83.848
Servizos	676.227	690.184	705.355	710.816	735.236	672.191	716.455	739.123	753.869	765.004
-Comercio, transporte e hostalaría	269.308	271.998	283.282	283.878	290.396	246.621	272.582	277.999	279.343	284.007
-Información e comunicacións	16.006	16.997	18.131	18.876	19.189	19.544	21.249	23.978	25.353	26.087
-Actividades financeiras e de seguros	16.221	18.075	17.040	16.911	16.455	16.574	16.393	16.080	16.063	15.210
-Actividades inmobiliarias	7.005	6.893	7.141	7.550	7.884	7.197	7.954	8.238	8.359	8.872
-Actividades profesionais	86.028	93.133	97.365	101.918	107.670	96.776	101.167	105.898	110.632	114.587
-Administración pública (sanidade e educación)	207.648	205.361	207.114	207.570	215.176	217.606	222.970	227.395	230.584	234.243
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	74.011	77.727	75.282	74.113	78.466	67.873	74.140	79.535	83.536	81.998
Servizos non de mercado	158.352	156.394	156.697	155.591	157.571	163.541	166.036	164.863	164.443	165.500

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.21 recolle, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, as porcentaxes de variación ano a ano do emprego, medidas en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Nel salienta que os maiores incrementos producíronse no segundo e terceiro trimestre de 2024, cun aumento medio durante todo o ano do 0,6%. Resulta especialmente significativo o aumento do sector de actividades inmobiliarias e de actividades profesionais.

Cadro 1.21

Porcentaxe de variación interanual do emprego* segundo actividade. Galicia. 2015-2024

	En medias anuais										Datos trimestrais			
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	1,4	2,1	2,5	1,3	2,7	-8,3	6,6	2,8	2,0	1,2	1,8	1,0	0,9	1,0
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-3,6	5,6	8,9	-1,4	-4,7	-5,5	5,1	-2,2	0,6	-0,3	4,0	-1,8	-0,2	-3,3
Industria	0,7	3,2	2,2	3,4	1,1	-6,7	4,7	2,9	2,0	0,9	1,0	1,1	0,6	0,9
Construción	4,4	-3,2	-0,7	4,7	6,6	-11,3	11,8	4,4	2,6	0,5	0,3	-0,1	0,7	1,0
Servizos	1,8	2,1	2,2	0,8	3,4	-8,6	6,6	3,2	2,0	1,5	2,0	1,4	1,1	1,4
-Comercio, transporte e hostalaría	0,1	1,0	4,1	0,2	2,3	-15,1	10,5	2,0	0,5	1,7	1,9	1,7	1,1	1,9
-Información e comunicacións	7,2	6,2	6,7	4,1	1,7	1,9	8,7	12,8	5,7	2,9	4,8	2,7	2,4	1,8
-Actividades financeiras e de seguros	-11,5	11,4	-5,7	-0,8	-2,7	0,7	-1,1	-1,9	-0,1	-5,3	-1,1	-8,9	-2,0	-9,3
-Actividades inmobiliarias	6,2	-1,6	3,6	5,7	4,4	-8,7	10,5	3,6	1,5	6,1	5,6	6,8	7,0	5,2
-Actividades profesionais	-1,2	8,3	4,5	4,7	5,6	-10,1	4,5	4,7	4,5	3,6	4,3	4,3	3,1	2,7
-Administración pública (sanidade e educación)	3,9	-1,1	0,9	0,2	3,7	1,1	2,5	2,0	1,4	1,6	1,5	1,7	1,6	1,4
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	8,0	5,0	-3,1	-1,6	5,9	-13,5	9,2	7,3	5,0	-1,8	-0,3	-3,1	-3,3	-0,6
Servizos non de mercado	0,6	-1,2	0,2	-0,7	1,3	3,8	1,5	-0,7	-0,3	0,6	0,5	0,7	0,7	0,6

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

A evolución do emprego neto en Galicia dende 2008, medido en postos de traballo equivalentes, preséntase no cadro 1.22, que reflicte nidiamente a grande intensidade da destrución da ocupación en Galicia durante a crise de 2007. A partir de 2015 rexístrase una recuperación do emprego, que se foi reducindo de intensidade ata 2019. En 2020, produciuse unha importante caída polos efectos económicos da COVID-19, que implicou unha redución do 8,3%. En 2021 xa se rexistran porcentaxes de variacións interanuais positivas. En 2022 recóllese un aumento do 2,8% e en 2023 do 2,0%. En 2024 o aumento é menor (1,2%) e os incrementos máis salientables danse na industria (0,9%) e servizos (1,5%). En construción (0,5%) e servizos non de mercado (0,6%) o incremento é menor. O sector da agricultura, gandería, silvicultura e pesca o experimentou un lixeiro decrecemento (0,3%).

Cadro 1.22

Porcentaxe de variación interanual do emprego* segundo actividade. Galicia. 2015-2024

	Total poboación ocupada	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Servizos non de mercado
2015	1,4	-3,6	0,7	4,4	1,8	0,6
2016	2,1	5,6	3,2	-3,2	2,1	-1,2
2017	2,5	8,9	2,2	-0,7	2,2	0,2
2018	1,3	-1,4	3,4	4,7	0,8	-0,7
2019	2,7	-4,7	1,1	6,6	3,4	1,3
2020	-8,3	-5,5	-6,7	-11,3	-8,6	3,8
2021	6,6	5,1	4,7	11,8	6,6	1,5
2022	2,8	-2,2	2,9	4,4	3,2	-0,7
2023	2,0	0,6	2,0	2,6	2,0	-0,3
2024	1,2	-0,3	0,9	0,5	1,5	0,6
2024/I	1,8	4,0	1,0	0,3	2,0	0,5
2024/II	1,0	-1,8	1,1	-0,1	1,4	0,7
2024/III	0,9	-0,2	0,6	0,7	1,1	0,7
2024/IV	1,0	-3,3	0,9	1,0	1,4	0,6

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.23 permite afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia para o período 2013-2024, cuxos movementos recollen as tendencias por sectores previamente comentadas. Así, no período 2023-2024, o emprego asalariado en Galicia incrementouse nun 1,7%, destacando o do sector servizos cun crecemento do 1,9%, seguido do sector da industria cun 1,3%. A maioría dos sectores de servizos presentaron certo crecemento no seu persoal asalariado, salvo actividades financeiras e de seguros e actividades artísticas(-6,9%), recreativas e outros servizos (-1,5%).

Cadro 1.23

Emprego asalariado^(*) segundo actividade económica. Galicia. 2015-2024

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	793.520	809.599	832.393	847.537	869.488	803.877	852.364	880.857	903.229	918.727
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	26.063	26.778	28.394	31.163	28.843	26.901	31.263	31.825	31.893	32.046
Industria	128.494	132.702	135.666	140.518	142.028	132.970	138.970	142.877	146.210	148.112
Construción	58.603	56.679	56.337	59.735	64.025	57.137	59.883	61.356	63.502	64.148
Servizos	580.360	593.440	611.996	616.121	634.592	586.869	622.248	644.799	661.623	674.420
-Comercio, transporte e hostalaría	214.889	218.704	230.991	233.220	238.033	203.145	223.747	229.578	233.380	241.481
-Información e comunicacións	15.059	16.164	17.236	17.857	18.114	18.467	20.006	22.533	23.787	24.096
-Actividades financeiras e de seguros	12.992	14.875	14.122	13.706	13.310	13.359	12.946	12.746	12.493	11.689
-Actividades inmobiliarias	6.338	6.210	6.442	6.785	7.078	6.339	7.068	7.368	7.668	8.031
-Actividades profesionais	72.218	78.530	82.546	86.437	90.331	81.199	84.797	89.340	94.119	95.956
-Administración pública (sanidade e educación)	201.254	198.656	201.323	201.577	207.185	211.815	217.466	222.189	226.316	230.226
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	57.610	60.301	59.336	56.539	60.541	52.545	56.218	61.045	63.861	62.941
Servizos non de mercado	158.352	156.394	156.697	155.591	157.571	163.541	166.036	164.863	164.443	165.500

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial

O cadro 1.24 recolle a dinámica da produtividade aparente nominal do traballo para Galicia, no período 2012-2024. Este indicador amosa unha tendencia xeral de crecemento ao longo da última década, con aumentos máis pronunciados nos anos recentes. Este crecemento reflicte unha mellora continua na eficiencia do traballo en Galicia, rexistrándose os maiores incrementos en 2022 (7,4%) e 2023 (5,9%). En 2024 foi do 4,4% ata chegar aos 76.226 euros, 3.220 postos de traballo equivalente a tempo completo máis respecto a 2023.

Cadro 1.24

Produtividade aparente nominal do traballo^(*).

2015-2024

	Productividade	Variación interanual
2015	57.616	1,7
2016	58.527	1,6
2017	59.021	0,8
2018	61.136	3,6
2019	61.037	-0,2
2020	61.372	0,5
2021	64.212	4,6
2022	68.948	7,4
2023	73.006	5,9
2024	76.226	4,4

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade

1.4.1. Dificultades económicas dos fogares

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE estima a nivel rexional as dificultades económicas dos fogares en 2024 (último dato dispoñible), cuantificándoas polos catro criterios que recolle o cadro 1.25. Cabe salientar o seguinte:

- Un 35,8 % dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (2,4 puntos porcentuais máis que a media estatal), situándose entre as comunidades autónomas con maiores dificultades para permitirse este período vacacional. Unicamente cinco CC.AA. (Canarias, Andalucía, Murcia, Comunidade Valenciana e Extremadura) tiveron unha porcentaxe de fogares nesta situación superior aos galegos, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas as CC.AA. da Ríoxa, Madrid e o País Vasco.
- Un 26,7% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (9,1 puntos porcentuais menos que a media española). As maiores porcentaxes tivéronas as CC.AA. de Canarias (48,9%) e a cidade autónoma de Ceuta (50,0%), mentres que as máis baixas corresponden A Ríoxa (25,0) e o País Vasco (22,5%).
- Un 6,0% dos fogares de Galicia afrontaron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (6 puntos porcentuais por baixo da media española), sendo a segunda que menos retrasos recolle do País Vasco. Neste apartado, as cidades autónomas de Ceuta (28,7%) e Melilla (21,5%) rexistraron as maiores porcentaxes de fogares que recoñecen retrasos.
- Un 6,0% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,1 puntos porcentuais por baixo da media española). Novamente, a cidade autónoma de Ceuta xunto coas CC.AA. de Castela- A Mancha, Canarias e Andalucía, son as que rexistran as maiores porcentaxes de fogares nesta situación, mentres que as menores rexistráronse en Baleares e o País Vasco.

Cadro 1.25

Dificultades económicas dos fogares. Por comunidades autónomas. 2024

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
España	33,4	35,8	12,0	9,1
Andalucía	44,9	44,4	13,7	10,9
Aragón	26,1	29,9	11,0	10,2
Asturias	30,3	28,6	6,7	7,1
Baleares	25,8	30,9	11,1	5,6
Canarias	45,3	48,9	15,4	12,4
Cantabria	32,6	26,1	7,1	6,8
Castela e León	27,0	27,7	8,0	7,5
Castela-A Mancha	35,3	37,5	11,0	13,0
Cataluña	30,4	35,2	14,3	9,3
C. Valenciana	38,1	38,7	14,2	8,4
Extremadura	36,6	37,9	9,0	8,7
Galicia	35,8	26,7	6,0	6,0
Madrid	23,1	32,9	12,5	8,6
Murcia	40,2	42,1	13,4	10,7
Navarra	25,3	26,2	9,5	6,1
País Vasco	17,7	22,5	5,9	5,1
A Rioxa	24,9	25,0	8,1	5,9
Ceuta	35,0	50,0	28,7	17,2
Melilla	29,8	36,2	21,5	10,2

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar

Na última Enquisa de condicións de vida (ECV) con información para 2024 estímase en 14.558 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, fronte a unha media de 14.807 no conxunto de España. Salienta a seguinte información do cadro 1.26:

- Galicia sitúase un 1,6% por debaixo da media nacional, cunha renda media anual inferior en 249 euros. Isto coloca a Galicia na 10ª posición entre as comunidades autónomas, superada por comunidades como Cantabria, Aragón, e Castela e León.
- As CC.AA. cos maiores niveis per cápita foron, por este orde, País Vasco, Madrid, Navarra e Cataluña, mentres que os menores tivéronos as CC.AA. de Extremadura, Castela-A Mancha, Andalucía e Murcia. As comunidades con maior renda (País Vasco, Madrid, e Navarra) teñen ingresos medios anuais un 31,0%, 18,6%, e 18,5% superiores aos de Galicia, respectivamente.

Cadro 1.26

Clasificación das CC.AA. de maior a menor
ingreso medio anual por persoa. 2024

	Renda media por persoa
País Vasco	19.078
Madrid	17.275
Navarra	17.253
Cataluña	16.546
Asturias	16.201
Baleares	15.926
Aragón	15.747
Castela e León	14.940
España	14.807
Cantabria	14.708
Galicia	14.558
A Ríoxa	14.529
Ceuta	13.403
C. Valenciana	13.374
Canarias	13.372
Melilla	12.745
Extremadura	12.421
Castela-A Mancha	12.357
Andalucía	12.191
Murcia	11.967

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

A análise dos ingresos medios anuais netos por fogar en España entre 2008 e 2024 (cadro 1.27) permite comprobar que tras o bienio 2008-2009 no que se rexistra certo aumento, a evolución foi decrecente dende 2010 a 2015, e tras a mellora producida en 2016, acada en 2024 o 129% respecto do primeiro ano.

Similar aos ingresos por fogar, os ingresos por persoa aumentaron entre 2008 e 2019, para logo diminuír entre 2010 e 2013, alcanzando un mínimo de 10.391 euros en 2014. A partir de 2014, os ingresos comezaron a recuperarse, con aumentos anuais constantes, excepto por unha leve caída entre 2020 e 2021. O maior aumento anual foi entre 2022 e 2023, onde os ingresos por persoa aumentaron de 13.008 euros a 14.082 euros, un incremento do 8,3% (1.074 euros). Entre 2023 e 2024, o incremento foi de 725 euros, un 4,89 %.

Cadro 1.27

Evolución dos ingresos medios anuais por fogar e por persoa. España. 2008-2024

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Por fogar	28.787	30.045	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092	26.730	27.558	28.417	29.132	30.690	30.552	32.216	34.821	36.996
Por persoa	10.737	11.318	11.284	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419	10.708	11.074	11.412	11.680	12.292	12.269	13.008	14.082	14.807

Datos en euros.
Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.3. A poboación en risco de pobreza

A ECV tamén permite coñecer a taxa de pobreza en España. No cadro 1.28 preséntanse as comunidades e cidades autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza para 2024. Esta información revela que:

- Galicia atópase 5,5 puntos por baixo da media estatal (14,2% e 19,7%, respectivamente) e ocupa en 2024 unha posición baixa entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.
- As CC.AA. coa taxa de pobreza máis baixa en 2024 foron o País Vasco (9,4%) e Baleares (11,3%).
- No outro extremo, Ceuta (34,6%), Melilla (41,4%), Andalucía (29,2%) e Extremadura (27,5%) rexistraron as maiores taxas de pobreza.

Cadro 1.28

Clasificación de menor a maior
taxa de pobreza. Por CC.AA. 2024

CC.AA	Taxa
País Vasco	9,4
Baleares	11,3
Cataluña	12,9
Galicia	14,2
Navarra	14,2
Madrid	14,3
Aragón	15,1
Asturias	15,6
Cantabria	17,3
Castela e León	18,5
A Ríoxa	19,4
España	19,7
Canarias	24,6
C. Valenciana	24,8
Murcia	26,0
Castela-A Mancha	27,4
Extremadura	27,5
Andalucía	29,2
Ceuta	34,6
Melilla	41,4

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

No cadro 1.29 preséntase a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e mais España de 2008 a 2024. Neste período obsérvanse importantes flutuacións tanto en Galicia coma en España, con algúns períodos de aumento e outros de descenso. A análise da evolución deste indicador amosa que Galicia e España seguen patróns similares, pero con diferenzas nas magnitudes das flutuacións. Galicia tende a ter unha taxa de pobreza lixeiramente inferior á media nacional, aínda que ambas presentan aumentos importantes durante períodos de crises, como a crise financeira de 2008 e a pandemia de COVID-19.

- Entre 2023 e 2024, Galicia experimentou unha importante redución da taxa de pobreza, pasando do 19,4% ao 14,2%, mentres que España viu unha diminución lixeira, pasando do 20,2% ao 19,7%.
- Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España reduciuse dende 2016 (22,3%), valor máximo da serie, ata alcanzar en 2024 o 19,7%.
- A diferenza entre as dúas taxas de pobreza quedou en 5,5 puntos porcentuais en 2024 a favor de Galicia.

Cadro 1.29

Evolución da taxa de pobreza. Galicia e España. 2008-2024

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Galicia	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7	18,8	20,0	22,1	20,2	18,0	19,4	14,2
España	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6	21,5	20,7	21,0	21,7	20,4	20,2	19,7

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.4. Distribución da renda

Un xeito de analizar a distribución da renda é calcular os quintís dos ingresos. Para iso, ordénanse todas as persoas segundo a contía dos ingresos por unidade de consumo e, posteriormente, divídense en cinco grupos iguais. O primeiro quintil corresponde ao 20% con menores ingresos e o quinto quintil corresponde ao 20% das persoas con maiores ingresos por unidade de consumo.

No cadro 1.30 preséntase a poboación por CC.AA. por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2024. Da análise pódese salientar que:

- A poboación en Galicia está relativamente ben distribuída nos quintís intermedios (quintil 2 a quintil 4), cunha maior concentración en rendas intermedias (quintil 3).

- A proporción de poboación no quintil 5 (maior renda) é significativamente menor que a media española (16,8%, 3,2 puntos por debaixo da media estatal), o que indica unha menor concentración de altas rendas en Galicia. O mesmo sucede co primeiro quintil (14,6%), mentres que está por riba da media española no segundo, terceiro e cuarto quintil con 20,4%, 25,9% e 22,3%, respectivamente.
- As CC.AA. coa maior porcentaxe de poboación no quinto quintil foron o País Vasco (36,8%), Madrid (30,3%) e Navarra (28,4%).
- No primeiro quintil, as maiores porcentaxes rexistráronas as cidades autónomas de Melilla (41,4%) e Ceuta (34,5%).

Cadro 1.30
Poboación por quintil de renda por unidade de consumo. Por comunidades autónomas. 2024

	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	29,7	24,1	19,5	15,0	11,7
Aragón	15,1	17,5	21,5	24,0	21,9
Asturias	15,9	19,0	18,6	23,7	23,0
Baleares	11,6	21,3	19,1	23,3	24,8
Canarias	24,8	22,2	21,2	16,5	15,3
Cantabria	17,6	21,4	21,4	21,9	17,8
Castela León	19,6	19,9	21,3	23,1	16,1
Castela-A Mancha	28,2	22,9	19,7	18,2	11,0
Cataluña	13,1	17,7	19,1	23,7	26,5
C. Valenciana	24,9	22,1	20,3	18,4	14,3
Extremadura	27,9	24,6	20,9	15,8	10,8
Galicia	14,6	20,4	25,9	22,3	16,8
Madrid	14,4	15,6	18,7	21,0	30,3
Murcia	26,7	24,6	21,7	17,5	9,6
Navarra	14,2	12,9	21,2	23,3	28,4
País Vasco	9,9	13,5	17,3	22,4	36,8
A Rioxa	19,6	20,1	23,3	20,0	17,0
Ceuta	34,5	23,4	7,1	11,5	23,5
Melilla	41,4	15,3	7,7	17,6	18,0
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais

Para analizar a participación dos salarios no valor engadido bruto, estúdase a relevancia das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE. Posteriormente, preséntanse as estatísticas de custos salariais e a evolución do salario mínimo interprofesional (SMI).

1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE

A evolución da porcentaxe que sobre o PIB supón a remuneración da poboación asalariada para o período 2000-2023 en Galicia, España e UE recóllese no cadro 1.31. Anotamos os seguintes aspectos:

- En 2023 a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no PIB (43,9%) é menor que a estatal (47,8%). As diferenzas coa media estatal e a UE son de 3,9 e 3,1 puntos, respectivamente.
- A participación das remuneracións no PIB en Galicia rexistra un lixeiro aumento respecto ao ano pasado ao pasar do 43,3% en 2022 ao 43,9% en 2023, na liña do acontecido no contexto estatal.

Cadro 1.31
Porcentaxe da remuneración das persoas asalariadas
no PIB. Galicia. España e Europa. 2000-2023

	Galicia	España	UE 27
2000	45,8	48,8	47,5
2001	45,2	48,1	47,3
2002	45,2	47,8	47,3
2003	45,1	47,3	47,3
2004	44,3	47,2	46,6
2005	44,2	46,9	46,4
2006	44,5	47,0	45,9
2007	45,4	47,3	45,5
2008	46,4	49,0	46,4
2009	48,0	49,6	47,9
2010	47,1	49,1	47,3
2011	47,5	48,3	47,0
2012	46,2	46,7	47,3
2013	45,9	45,8	47,3
2014	44,9	45,9	47,2
2015	44,7	45,7	46,8
2016	44,1	45,2	47,0
2017	43,8	45,0	47,0
2018	44,0	45,4	47,3
2019	45,3	46,6	47,5
2020	47,5	50,1	48,7
2021	45,5	49,0	47,5
2022	43,3	47,8	46,8
2023	43,9	47,8	47,0

Datos en porcentaxe.

Fonte: IGE. Estudo sobre salarios.

1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral

O cadro 1.32 recolle os custos laborais por CC.AA. dende unha dobre perspectiva: por persoa traballadora e mes e por hora efectiva de traballo. Os datos do cuarto trimestre de 2024 acreditan unha tendencia á alza nos custos laborais en Galicia en ambos indicadores, unha tendencia consistente co observado a nivel nacional.

No que atinxe á primeira variable, o custo laboral no cuarto trimestre de 2024 en Galicia foi 2.947 euros. Polo que respecta ao custo laboral por hora efectiva, en 2024 ascende ata os 23,29 euros. Galicia sitúase na 12ª posición das CC.AA. e cidades autónomas neste *ranking* de custos laborais por persoa traballadora e mes.

Cadro 1.32
Custos laborais. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre do 2024

	Custe total por persoa traballadora e mes		Custe laboral por hora efectiva	
	Euros	Taxa de variación anual	Euros	Taxa de variación anual
Total Nacional	3.258	3,6	25,6	2,6
Andalucía	2.838	2,6	22,3	2,1
Aragón	3.216	2,1	25,8	1,5
Asturias	3.268	5,3	27,4	5,3
Baleares	3.314	3,0	25,4	1,4
Canarias	2.706	4,5	20,9	2,4
Cantabria	3.031	1,6	24,6	2,6
Castela e León	2.982	2,9	24,0	1,7
Castela A Mancha	2.888	2,9	22,5	2,4
Cataluña	3.483	2,6	27,5	1,8
C. Valenciana	2.930	5,0	23,2	3,0
Extremadura	2.692	7,7	21,7	5,2
Galicia	2.947	4,5	23,3	3,2
Madrid	3.844	4,2	29,3	3,1
Murcia	2.937	5,8	23,5	5,5
Navarra	3.565	3,4	28,7	2,7
País Vasco	3.708	1,8	30,7	1,9
A Ríoxa	3.020	5,1	24,0	5,6

*Sobre cuarto trimestre do ano anterior.
Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

A media estatal do custo salarial por persoa traballadora e mes a escala nacional foi de 2.422 euros en 2024 (cadro 1.33), un importe claramente superior ao de 2023 (2.359 euros). A desagregación deste dato por CC.AA. permite observar que o maior custo laboral atópase no País Vasco (2.744 euros) e Navarra (2.667 euros). Andalucía (2.097 euros) e Andalucía (2.097 euros) pecharon a clasificación. En 2024, todas as CC.AA. recollen un aumento do custo salarial por persoa traballadora e mes. O custo salarial por hora efectiva en Galicia (17,4 euros) foi lixeiramente inferior á media nacional (19,2 euros).

Cadro 1.33
Custos salariais. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre do 2024

	Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. ^(*)	Euros	% var. ^(*)
España	2.442	3,5	19,2	2,5
Andalucía	2.097	2,2	16,5	1,7
Aragón	2.400	0,7	19,2	0,2
Asturias	2.461	6,1	20,7	6,2
Baleares	2.454	4,0	18,8	2,4
Canarias	1.976	4,3	15,3	2,2
Cantabria	2.263	1,3	18,4	2,3
Castela León	2.236	2,9	18,0	1,8
Castela-A Mancha	2.143	2,5	16,7	2,1
Cataluña	2.622	2,6	20,7	1,7
C. Valenciana	2.176	5,4	17,2	3,4
Extremadura	2.006	7,6	16,2	5,1
Galicia	2.196	4,8	17,4	3,5
Madrid	2.943	4,4	22,4	3,2
Murcia	2.183	5,5	17,4	5,1
Navarra	2.667	2,7	21,5	2,0
País Vasco	2.744	1,2	22,7	1,3
A Ríoxa	2.263	5,7	18,0	6,3

(*) Sobre o cuarto trimestre do ano anterior.
Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No cadro 1.34 preséntase por CC.AA. a xornada laboral por persoa traballadora e mes no cuarto trimestre dende unha tripla vertente: total de persoas traballadoras, as que traballan a tempo completo e as que o fan a tempo parcial.

Para Galicia, a xornada laboral pactada en 2024 foi de 153,2 horas (en 2023 foi de 152,5 horas). Polo que respecta ao traballo a tempo completo, a cantidade foi de 168,7 horas en 2024, algo inferior a cifra de 2022 (169,1 horas). En derradeiro lugar, no relacionado coa xornada a tempo parcial, foi de 94,3 horas en 2024, 4,4 horas máis que no ano precedente (89,9 horas). Estes datos implican que Galicia ten unha xornada laboral total e a tempo completo e a tempo parcial lixeiramente superiores á media española (0,3 e 1,5, respectivamente).

Cadro 1.34
Xornada laboral. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre do 2024

	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores/as	Tempo completo	Tempo parcial
España	151,4	168,4	92,8
Andalucía	149,9	168,5	98,6
Aragón	151,9	168,0	88,2
Asturias	149,0	165,6	87,4
Baleares	154,4	167,8	119,8
Canarias	155,5	170,6	96,0
Cantabria	148,8	167,9	85,1
Castela León	149,3	167,4	85,1
Castela-A Mancha	151,2	167,7	90,3
Cataluña	151,4	169,1	90,3
C. Valenciana	149,8	168,4	91,0
Extremadura	147,0	167,6	85,8
Galicia	153,2	168,7	94,3
Madrid	154,3	169,4	92,1
Murcia	151,4	167,5	95,0
Navarra	149,0	166,5	88,4
País Vasco	147,3	163,8	85,7
A Ríoxa	150,3	167,5	85,6

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

O número de vacantes de postos de traballo en Galicia ao remate do ano 2024 foi 7.934 (cadro 1.35), o que supón un 3,7% do total (4,0% en 2023), moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB. Este mesmo cadro permite coñecer os motivos principais de non existencia de vacantes, desagregado por CC.AA. e a nivel estatal. Entre estes, salientan claramente os relacionados coa ausencia de necesidade de contratación en Galicia (89,3%), é algo inferior á media estatal (92,0%). No relacionado cos custos de contratación, a porcentaxe en Galicia (7,0%) é superior á media do conxunto do Estado (4,8%), suxerindo un custo medio de contratación máis restritivo na comunidade galega. Tamén é lixeiramente maior a porcentaxe de non contratacións en Galicia relacionada con outros motivos (3,7% fronte ao 3,2% de media en España).

Cadro 1.35
Vacantes ou motivos polos que non existen. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre de 2024

	Vacantes	% en cada CC.AA. sobre total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución autonómica)		
			Non se necesita ningún traballador	Elevado coste de contratación	Outros
España	148.018	1,0	92,0	4,8	3,2
Andalucía	23.813	0,2	91,3	6,1	2,6
Aragón	5.186	0,0	90,6	4,8	4,6
Asturias	1.635	0,0	90,8	5,3	3,9
Baleares	3.117	0,0	92,2	5,0	2,8
Canarias	7.966	0,1	88,1	6,0	5,9
Cantabria	1.162	0,0	89,8	3,9	6,3
Castela León	7.469	0,1	89,4	5,1	5,5
Castela-A Mancha	3.124	0,0	91,9	5,0	3,1
Cataluña	28.689	0,2	94,5	2,4	3,1
C. Valenciana	14.071	0,1	92,9	4,4	2,7
Extremadura	998	0,0	90,6	8,0	1,4
Galicia	7.934	0,1	89,3	7,0	3,7
Madrid	29.492	0,2	92,9	4,8	2,3
Murcia	1.609	0,0	91,7	5,5	2,8
Navarra	2.908	0,0	95,3	2,0	2,7
País Vasco	8.121	0,1	92,6	4,1	3,3
A Rioxa	724	0,0	93,0	3,2	3,8

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI)

O SMI a 1 de xaneiro de 2024 en España foi de 1.323 euros/mes (incluíndo a pro rata das pagas extraordinarias) fronte aos 1.260 euros de 2023. A súa contía actual en España experimentou unha importante suba nos últimos anos. Porén, o SMI en España en 2024 é o 51,5% do percibido en Luxemburgo ou o 61,6% do vixente en Irlanda (cadro 1.36).

Cadro 1.36
Salario mínimo interprofesional.
España e outros Estados da UE. 2024

	2024-S1	2024-S2
	€/mes	€/mes
Bélxica	1.994	2.070
Alemaña	2.054	2.054
Irlanda	2.146	2.146
Grecia	910	968
España	1.323	1.323
Francia	1.767	1.767
Luxemburgo	2.571	2.571
Polonia	978	998
Portugal	957	957

(*) Inclúe o rateo das pagas extraordinarias.
Fonte: Eurostat.

O moi limitado incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%), contrasta co forte aumento en 2017 (8,0%) e 2018 (4,0%) e sobre todo en 2019 (22,3%), como reflicte o cadro 1.37. En 2020 subiu un 5,5%. En 2021 situouse no mesmo nivel que en 2020, en 950 euros mensuais (13.300 euros anuais repartidos en 14 pagas). En 2022 aprobouse unha nova suba ata os 1.000 euros, en 2023 ascendeu ata os 1.080 euros, en 2024 queda fixado en 1.134 euros. En 2025 ascendeu ata os 1.184 euros. Entre 2017 e 2025 a suba total do SMI foi de 476,3 euros, un aumento do 67,3%.

Cadro 1.37
Salario mínimo interprofesional. España. 2008-2025

	€/día	€/mes	Incremento %
2008	20,0	600,0	5,2
2009	20,8	624,0	4,0
2010	21,1	633,3	1,5
2011	21,4	641,4	1,3
2012	21,4	641,4	0,0
2013	21,5	645,3	0,6
2014	21,5	645,3	0,0
2015	21,6	648,6	0,5
2016	21,8	655,2	1,0
2017	23,6	707,7	8,0
2018	24,5	735,9	4,0
2019	30,0	900,0	22,3
2020	31,7	950,0	5,6
2021	31,7	950,0	0,0
2022	33,3	1.000,0	5,3
2023	36,0	1.080,0	8,0
2024	37,8	1.134,0	5,0
2025	39,5	1.184,0	4,4

Fonte: Ministerio de Empleo e Economía Social.

1.6. A variación do IPC

O cadro 1.38.a recolle a evolución nos últimos dezaioito anos das taxas de inflación de Galicia e España (taxas de variación interanuais en porcentaxe a decembro de cada ano).

Tras unha etapa ordinaria de incrementos entre 2006 e 2013, durante o bienio 2014-2015 os prezos en Galicia tiveron un comportamento extraordinario: diminuíron, para logo aumentar en 2016. En 2017 foi do 1,2%, en 2018 do 1% e en 2019 do 0,7%. En 2020, por mor da pandemia, a inflación en Galicia rexistrou unha variación negativa (-0,4%), para logo aumentar en 2021 e 2022, con taxas do 6,7% e do 6,4%, respectivamente. En 2023, a variación do IPC en Galicia foi do 3,2%. En 2024 foi do 2,7%.

Para España, a evolución foi, en liñas xerais, a mesma, aínda que superior nunha décima no 2020 respecto de Galicia. En 2021 cambia a tendencia e rexístrase un aumento do 6,7% en Galicia e do 6,5% en España; en 2022 a taxa a nivel nacional foi do 5,7%, sete décimas inferior á de Galicia (6,4%). En 2023, a taxa nacional foi do 3,1%. En 2024 foi do 2,8%, unha décima superior á rexistrada en Galicia. O cadro 1.38b recolle a comparativa por CC.AA.

Galicia (2,7%) presenta unha inflación lixeiramente inferior á media nacional (2,8%), pero inferior a outras comunidades como País Vasco, Baleares ou Aragón entre outras. Castela-A Mancha (2,5%), Canarias (2,2%) e Ceuta (2,2%) rexistraron a menor variación do IPC, indicando unha menor presión inflacionaria en comparación coas outras comunidades.

Cadro 1.38a

Porcentaxe de variación do IPC. Galicia-España. 2006-2024

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7	6,4	3,2	2,7
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0	1,6	1,1	1,2	0,8	-0,5	6,5	5,7	3,1	2,8

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.38b

Porcentaxe de variación do IPC. 2024

	IPC xeral
España	2,8
Andalucía	2,7
Aragón	3,1
Asturias	3,1
Baleares	3,4
Canarias	2,2
Cantabria	2,9
Castela León	2,7
Castela-A Mancha	2,5
Cataluña	2,9
C. Valenciana	2,8
Extremadura	2,8
Galicia	2,7
Madrid	2,9
Murcia	2,6
Navarra	2,7
País Vasco	3,6
A Ríoxa	2,8
Ceuta	2,2
Melilla	2,6

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente, que é aquela que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados, rematou en 2024 en Galicia no 2,4% (4,1% en 2023), un resultado lixeiramente inferior a media nacional (2,6% en 2024). A menor variación recóllena Ceuta (1,6%), Canarias (2,2%) e Castela e León (2,2%). Asturias e Cataluña (ámbalas dúas con 2,7%), Baleares (3,2%) e País Vasco (3,3%) recollen os maiores incrementos.

Cadro 1.39a

Inflación subxacente^(*). Galicia e España. 2009-2024

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Galicia	0,2	1,4	1,6	2,2	0,3	-0,1	1,0	0,9	0,8	0,8	1,1	0,4	2,1	7,8	4,1	2,4
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0	0,9	1,0	0,8	0,9	1,0	0,1	2,1	7,0	3,8	2,6

(*) Índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.
Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.39b

Inflación subxacente. 2024

	IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos
España	2,6
Andalucía	2,4
Aragón	2,7
Asturias	2,7
Baleares	3,2
Canarias	2,2
Cantabria	2,6
Castela León	2,2
Castela-A Mancha	2,2
Cataluña	2,7
C. Valenciana	2,5
Estremadura	2,2
Galicia	2,4
Madrid	2,6
Murcia	2,5
Navarra	2,5
País Vasco	3,3
A Ríoxa	2,3
Ceuta	1,6
Melilla	2,3

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.40.a ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación entre 2009 e 2024 en Galicia. Obsérvase nel que en 2024:

- O IPC xeral consolidou a baixada iniciada fai tres anos, caendo ao 6,4% en 2022, ao 3,2% en 2023 e ao 2,8% en 2024.
- A vivenda (7,2%) e as bebidas alcohólicas e tabaco (4,6%) son os dous maiores contribuíntes ao IPC.
- Os sectores de hoteis, cafés e restaurantes, aínda que creceron con menor intensidade en 2024, mantéñense entre os máis altos (4,3%).
- Os custos asociados a vestido e calzado son os que rexistran un menor aumento (0,5%), xunto coas comunicacións (0,1%).

O cadro 1.40b recolle a comparativa por grupos de gasto e CC.AA. En Galicia, a evolución da inflación é similar á media estatal. Con todo, destaca a maior vixencia inflacionista en Enxoval (1,2% en Galicia fronte a 0,6% en España), mentres que o custo en alimentos e bebidas non alcohólicas (1,4% en Galicia e 1,8% en España) e bebidas alcohólicas e tabaco (4,6% en Galicia e 5% en España) recollen unha menor inflación.

Cadro 1.40a

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2009-2024

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,7	2,5	1,5	0,1	1,4	1,0	1,4	1,4	1,2	1,8	4,8	16,2	7,2	1,4
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	3,7	5,8	5,0	-0,4	1,2	0,9	1,8	1,6	-0,1	-0,3	1,2	8,0	2,6	4,6
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	0,3	0,3	0,1	0,4	0,5	0,8	0,4	0,9	0,9	0,7	0,9	1,8	1,2	0,5
4. Vivenda	0,8	7,3	7,0	6,4	0,4	-0,9	-3,2	0,8	1,7	2,4	-5,4	-0,7	27,1	-3,8	-6,5	7,2
5. Enxoval	1,0	0,7	1,6	1,2	0,5	-1,3	0,6	-0,5	-0,1	0,3	0,8	0,6	2,6	8,6	2,6	1,2
6. Sanidade	-0,7	-0,1	-2,3	11,1	1,6	-0,2	0,2	1,4	0,3	1,1	1,1	0,5	2,2	1,5	1,8	2,3
7. Transporte	4,1	9,1	4,6	2,1	1,1	-4,2	-2,8	4,7	2,4	-0,4	3,4	-4,5	10,8	4,3	4,4	1,1
8. Comunicacións	-0,3	-0,7	-1,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4	3,3	0,2	2,2	0,6	-4,1	-0,3	-1,9	3,1	0,1
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	0,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1	0,2	-0,6	-0,6	-0,4	-1,4	1,5	3,1	2,6	3,0
10. Ensino	2,6	2,1	3,2	4,0	1,6	1,0	0,6	1,6	1,0	1,3	1,8	1,3	1,5	-1,0	2,8	2,7
11. Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	1,6	1,4	0,5	0,5	0,9	1,3	2,1	2,0	3,0	1,4	2,7	9,2	6,2	4,3
12. Outros	1,9	2,5	2,0	3,6	-0,1	0,7	1,4	1,6	0,0	0,8	1,0	1,2	1,3	5,5	3,9	3,3
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7	6,4	3,2	2,8

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.40b

IPC por grupos de gasto. Por comunidades autónomas. 2024

	IPC xeral	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
		Alimentos e bebidas non alcohólicas	Bebidas alcohólicas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Enxoval	Sanidade	Transporte	Comunicacións	Ocio e cultura	Ensino	Hoteis, cafés e restaurantes	Outros
España	2,8	1,8	5	0,5	7,4	0,6	1,9	0,6	0,1	3,2	2,5	4,1	3,4
Andalucía	2,7	1,4	4,5	0,2	9	0,4	1,5	0,5	0,2	2,6	2,2	4,5	2,9
Aragón	3,1	2,9	5,3	1,2	7,6	0,4	1,7	0,7	0,2	2,5	4,2	4,1	3,4
Asturias	3,1	2,3	5,4	4,1	7,2	0,3	2	0,2	0	3,3	2,4	4,5	3,8
Baleares	3,4	2,5	5,5	0,2	7,1	2,1	2,6	1,3	0,4	5,2	2,6	3,7	4,4
Canarias	2,2	1,2	4,1	-2,3	6,3	0	1,1	1	0,1	1,9	2,3	4,1	3,2
Cantabria	2,9	2	6,2	1,5	6,9	0	2,5	0,2	0,5	4,2	2,3	4,5	2,5
Castela León	2,7	1,9	5,6	1,8	6,8	0,9	0,5	0,6	0,1	3,1	-0,2	3,6	2,7
Castela-A Mancha	2,5	1,6	4,3	0,9	7,3	-0,2	1,9	0,5	0,3	2	2,3	3,5	3,2
Cataluña	2,9	1,9	4,8	0,6	7,1	0,3	1,4	0,5	0,1	3,7	2,8	4	4,2
C. Valenciana	2,8	1,3	5,5	0,1	8,5	0,2	3	0,4	-0,1	2	3,4	4,4	3,4
Extremadura	2,8	1,2	5,1	-0,8	9,9	0,2	1,7	1,5	0	2,1	1,6	3,5	3,6
Galicia	2,7	1,4	4,6	0,5	7,2	1,2	2,3	1,1	0,1	3	2,7	4,3	3,3
Madrid	2,9	1,7	4,9	-0,1	6,3	1,4	1,9	0,5	0,4	3,5	2,6	4,5	3,6
Murcia	2,6	1,1	5,4	-0,9	8	-0,3	2,6	1,7	0,1	3,1	2,2	3,5	2,5
Navarra	2,7	2	5,2	2	6,7	1,7	1,8	0,6	-0,2	3,3	3,4	2,6	3,8
País Vasco	3,6	3,6	7	1,5	8,3	1,4	2,4	0,9	0,2	4,4	2,4	3,8	3,8
A Ríoxa	2,8	2,4	4,8	-2,2	7,8	-0,1	3,6	0,1	0,1	2,8	0,7	4,2	2,6
Ceuta	2,2	2,4	7,3	-2,8	5,8	0,5	0,6	1,3	0,9	1,5	0,7	1,6	2,4
Melilla	2,6	1,2	7,7	-2,1	7,1	0,5	0,3	3	0	3,3	2	2,3	2,9

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

1.7. Comercio exterior

Cando se analiza o comercio exterior galego, podemos referirnos a tres dimensións: i) ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (total do comercio exterior galego); ii) ás compravendas de Galicia co estranxeiro, ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español e iii) á outra parte do total do comercio exterior galego: as transaccións de Galicia coas outras CC.AA; chamáremoslle comercio galego intraestatal.

1.7.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2024 os 31.019,93 millóns de euros (30.038,43 millóns en 2023), mentres que as importacións foron de 20.909,8 millóns de euros (20.900,06 millóns en 2023). A diferenza foi de 10.110,13 millóns (9.138,37 millóns en 2023) (cadro 1.41).

Consonte co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura para Galicia (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou moi por riba do valor 100 (equilibrio da balanza comercial). En 2024 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 148,35% ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro cubriu o importe das importacións e acadou ademais un 48,35% de marxe.

A desagregación provincial nas exportacións amosa que a provincia de Pontevedra (49,3% do total galego) e a da Coruña (44,9%) volveron ser en 2024 os sólidos piares das exportacións en Galicia. Ourense, aínda que representa unha menor porcentaxe do total galego, amosa unha boa cobertura das súas importacións con exportacións (137,64%). Lugo, pola súa banda, presenta o menor volume tanto en exportacións coma en importacións, e un saldo negativo de 32,3 millóns, cunha taxa de cobertura do 94,78%.

No cadro 1.42 preséntanse os indicadores básicos de comercio exterior para 2024 por CC.AA. As exportacións da comunidade galega representan o 8,07% das exportacións totais de España. Ademais, a taxa de variación anual das exportacións galegas foi positiva (3,27%), en contraste co mantemento rexistrado a nivel nacional. No que se refire ás importacións, as producidas pola comunidade galega representan o 4,92% das importacións totais de España. En Galicia comprobouse un lixeiro aumento das importacións, mentres que a nivel nacional prodúcese unha caída (0,05 % e (-0,26%), respectivamente.

En canto ao saldo comercial, a comunidade galega sitúase como unha das comunidades con mellor desempeño neste aspecto. A súa cobertura (148,35%) é moi superior á media nacional (90,75%), sendo indicativa dunha balanza comercial favorable onde as exportacións superan amplamente ás importacións.

Cadro 1.41

Comercio exterior de Galicia (e distribución provincial). Indicadores básicos. 2024

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	%
A Coruña	13.926,63	44,90	3,55	1,59	11.142,16	53,29	10,92	5,25	2.784,46	124,99
Lugo	586,42	1,89	-8,56	-0,18	618,72	2,96	2,99	0,09	-32,31	94,78
Ourense	1.226,61	3,95	-2,84	-0,12	891,18	4,26	6,38	0,26	335,43	137,64
Pontevedra	15.280,29	49,26	4,05	1,98	8.257,74	39,49	-12,31	-5,54	7.022,54	185,04
Galicia	31.019,93	100,00	3,27	3,27	20.909,80	100,00	0,05	0,05	10.110,13	148,35

(1) IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe).
(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior). en porcentaxe.
(3) CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.
Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

Cadro 1.42

Comercio exterior de España. Por comunidades autónomas. Indicadores básicos. 2024

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	%	Valor (mil. €)
España	354.726,48	100,00	0,00	0,00	390.880,90	100,00	-0,26	-0,26	-36.154,42	90,75	745.607,38
Cataluña	100.132,71	26,04	-0,55	-0,14	110.757,55	26,08	0,69	0,18	-10.624,84	90,41	210.890,26
Madrid	48.828,32	12,70	-5,36	-0,72	95.648,40	22,52	-2,87	-0,67	-46.820,08	51,05	144.476,72
Andalucía	40.173,35	10,45	4,25	0,43	41.314,86	9,73	0,05	0,00	-1.141,51	97,24	81.488,21
Valencia	36.978,32	9,62	-2,72	-0,27	35.499,84	8,36	2,43	0,20	1.478,48	104,16	72.478,16
País Vasco	30.926,60	8,05	-5,14	-0,44	27.060,93	6,36	0,91	0,06	3.865,67	114,55	57.987,53
Galicia	31.019,93	8,07	3,27	0,26	20.909,80	4,92	0,05	0,00	10.110,13	148,35	51.929,73
Castela e León	20.010,27	5,20	16,53	0,74	16.057,70	3,78	8,26	0,29	3.952,57	124,61	36.067,97
Aragón	16.766,62	4,60	-4,87	-0,22	17.369,35	4,09	-6,49	-0,28	-602,73	96,53	34.135,97
Murcia	14.236,84	3,70	1,55	0,06	14.625,33	3,44	-1,76	-0,06	-388,49	97,34	28.862,17
Castela-A Mancha	10.692,05	2,78	8,80	0,23	17.207,73	4,05	9,94	0,37	-6.515,68	62,14	27.899,78
Navarra	10.112,01	2,63	-0,62	-0,02	6.475,03	1,52	-7,49	-0,12	3.636,98	156,17	16.587,04
Asturias	5.777,20	1,50	-8,11	-0,13	5.596,71	1,32	1,54	0,02	180,49	103,22	11.373,91
Canarias	2.626,32	0,68	12,10	0,07	4.500,27	1,06	3,66	0,04	-1.873,95	58,36	7.126,59
Non determinado	4.329,81	1,13	17,90	0,17	2.716,41	0,64	24,03	0,12	1.613,40	159,39	7.046,22
Cantabria	3.448,64	0,90	2,65	0,02	2.799,29	0,66	1,78	0,01	649,35	123,2,	6.247,93
Extremadura	3.329,77	0,87	10,19	0,08	2.226,99	0,52	0,31	0,00	1.102,78	149,52	5.556,76
Baleares	2.641,41	0,69	10,57	0,07	1.623,39	0,38	-14,63	-0,07	1.018,02	162,71	4.264,80
A Ríoxa	2.382,70	0,62	4,47	0,03	1.735,85	0,41	-1,80	-0,01	646,85	137,26	4.118,55
Ceuta	11,97	0,00	30,75	0,00	609,06	0,14	31,64	0,03	-597,09	1,96	621,03
Melilla	4,01	0,00	49,55	0,00	41,23	0,01	-1,43	0,00	-37,22	9,72	45,24

(1) ICom: incidencia autonómica na exportación/importación de España (en porcentaxe).

(2) TVA: tasa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior). En porcentaxe.

(3) CCom a TVA de España: contribución autonómica á tasa de variación interanual rexistrada por España.

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

(2) TVA: tasa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior). En porcentaxe.

(3) CCom a TVA de España: contribución autonómica á tasa de variación interanual rexistrada por España.

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas

Desafortunadamente, non contamos con estatísticas oficiais sobre comercio interrexional en España. O que si temos é a estimación global das exportacións de bens e servizos de Galicia, incluíndo o resto de España. Os datos para o período 2015-2024 aparecen recollidos no cadro 1.43.

As exportacións de Galicia aumentaron progresivamente ao longo dos anos, pasando de 28.219 millóns de euros en 2015 a 43.886 millóns de euros en 2024, o valor máis alto da serie despois de 2023. As importacións creceron pasando de 29.079 millóns de euros en 2015 a 39.902 millóns de euros en 2024, superando o resultado en 2023. En correspondencia, o saldo neto de comercio exterior de Galicia, que inicialmente era negativo en 2015 con -860 millóns de euros, mellorou notablemente ao longo dos anos, ate situarse en 2024 en 3.964 millóns (4.880 millóns de euros en 2023) mostrando unha balanza comercial moi favorable para a comunidade galega. Esta mellora reflicte unha crecente competitividade dos produtos e servizos galegos nos mercados internacionais.

Cadro 1.43

Exportacións e importacións de bens e servizos en Galicia. 2015-2024

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Exportacións	28.219	28.815	30.519	32.900	33.230	31.432	37.267	42.730	44.189	43.866
Importacións	29.079	28.589	31.180	32.777	31.993	30.280	35.147	40.156	39.309	39.902
Saldo neto	-860	227	-661	123	1.238	1.152	2.120	2.574	4.880	3.964

Datos en millóns de euros.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.